

[Gal/Cast] Sentença judicial ordena retirada da Cruz fascista do Castro, em Vigo

DIARIO LIBERDADE :: 07/09/2014

BNG mudou sua posição, passando a reclamar explicitamente a retirada do monumento ao fascismo, em relação a los anos en que gobernó la ciudad sin hacer nada al respecto.

Galego

O recurso contencioso-administrativo presentado pola Asociación pola Memória Histórica do 36 foi atendido polo tribunal número 2 de Vigo, que no pasado día 4 de setembro ordenou que seja retirada a Cruz do Castro, símbolo fascista levantado durante a ditadura militar e mantido até hoje por gobernos municipais do PSOE (1979-1983, 2011-2014), PP (1995-1999 e 2003-2007) e pola coligación PSOE-BNG (1999-2003, con presidencia do Bloque e 2007-2011, con presidencia do PSOE).

O movemento antifascista, nas súas varias expresións, leva anos a reclamar aos sucesivos gobernos a demolición, con destaque para a Asociación pola Memória Histórica do 36, con longa trajetória de reivindicación e miles de sinaturas recollidas. Tamén a esquerda independentista dedicou anos a idéntico obxectivo: NÓS-UP pintou en varias ocasións de cor de rosa a Cruz do Castro para chamar a atención sobre a súa permanencia, inclusive despois da aprobación da Lei da Memória Histórica por parte do PSOE de Zapatero, en 2007.

Entretanto, os sucesivos gobernos fixéron ouvidos moucos ás reclamacións sociais, como na actualidade fai o alegado "socialista" Abel Caballero. Ao invés, o BNG mudou a súa posición, pasando a reclamar explicitamente a retirada do monumento ao fascismo, en relación aos anos en que gobernou a cidade sen nada facer ao respecto.

A sentenza establece que se trata de un elemento arquitectónico "comemorativo de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura", para fundamental a necesidade de se aplicar a lei retirando-o do espazo público.

Longe de constituir unha excepción, o caso da Cruz franquista de Vigo repete-se ao longo de toda a Galiza, nun flagrante incumprimento da legislación e unha humilhação a decenas de miles de vítimas galegas do fascismo.

Neste caso concreto, resta agora comprobar se o PSOE presenta recurso para evitar que se retire a Cruz inaugurada polo assassino Francisco Franco no Monte do Castro en 1961.

Castellano

El recurso contencioso-administrativo presentado por la Asociación por la Memoria Histórica del 36 fue atendido por el tribunal número 2 de Vigo, que el pasado día 4 de septiembre ordenó que fuera retirada la Cruz do Castro, símbolo fascista levantada durante

la dictadura militar y mantenida hasta hoy por gobiernos municipales del PSOE (1979-1983, 2011-2014), PP (1995-1999 y 2003-2007) y por la coalición PSOE-BNG (1999-2003, con presidencia del Bloque y 2007-2011, con presidencia del PSOE).

El movimiento antifascista, en sus varias expresiones, lleva años reclamando a los sucesivos gobiernos la demolición, destacando la Asociación por la Memoria Histórica del 36, con larga trayectoria de reivindicación y miles de firmas recogidas. También la izquierda independentista dedicó años a idéntico objetivo: NÓS-UP pintó en varias ocasiones de color rosa la Cruz do Castro para llamar la atención sobre su permanencia, inclusive después de la aprobación de la Ley de la Memoria Histórica por parte del PSOE de Zapatero, en 2007.

Mientras tanto, los sucesivos gobiernos hicieron oídos sordos a las reclamaciones sociales, como en la actualidad hace el alegado “socialista” Abel Caballero. Al revés, el BNG cambió su posición, pasando a reclamar explícitamente la retirada del monumento al fascismo, en relación a los años en que gobernó la ciudad sin hacer nada al respecto.

La sentencia establece que se trata de un elemento arquitectónico “commemorativo de exaltación, personal o colectiva, de la sublevación militar, de la Guerra Civil y de la represión de la Dictadura”, para fundamentar la necesidad de aplicarse la ley retirándola del espacio público.

Lejos de constituir una excepción, el caso de la Cruz franquista de Vigo se repite a lo largo de toda Galiza, en un flagrante incumplimiento de la legislación y una humillación a decenas de miles de víctimas galegas del fascismo.

En este caso concreto, queda ahora comprobar si el PSOE presenta recurso para evitar que se retire la Cruz inaugurada por el asesino Francisco Franco en el Monte do Castro en 1961.

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-sentencia-judicial-ordena>